Segundo se desprende de informacións aparecidas nos medios de comunicación, o Goberno local do concello de Arteixo remitiu á Xunta de Galicia unha proposta para que se constrúa unha rotonda na intersección da estrada autonómica AC-552, e polo tanto titularidade da Xunta de Galicia e a estrada provincial DP-0507, titularidade da Deputación Provincial da Coruña, na parroquia de Larín.

Esta proposta, que se fixo pública pouco antes da celebración das eleccións municipais de maio deste ano, trataría de dar resposta ás inxerencias dos veciños polo risco que supón cruzar a estrada nese punto, inxerencia compartida e feita pública polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Arteixo.

Este proxecto, de existir, contemplaría a construción dunha rotonda de dous carrís e un novo paso de peóns regulado por un semáforo activado a demanda, co que se conseguiría a redución da velocidade dos vehículos incrementando notablemente a seguridade das persoas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten recibido o Goberno galego a petición de creación dunha rotonda e un paso de peóns remitido polo Goberno local do Concello de Arteixo?

2ª) De ser o caso, en que consiste ese proxecto?

3ª) Considérase viable?

4ª) De ser viable, vai a Xunta de Galicia levar a cabo a súa execución?

5ª) En que prazos?

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 14:00:19

María Luisa Pierres López na data 26/06/2019 14:00:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación laboral das mulleres galegas.

A desigualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres é unha realidade que se mantén e que seguen a mostrar todas as estatísticas. O emprego feminino segue sendo máis precario e peor pagado que o masculino.

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en Galiza as mulleres son maioría nos contratos temporais e nos de menos remuneración e teñen menos acceso a contratos indefinido, catro puntos por debaixo. As expectativas de que un contrato se converta en indefinido son dun 7% inferiores, 12.8% para as mulleres fronte a un 19.8% para os homes.

Consecuencia desta realidade salarial é que a fenda salarial segundo os datos de Facenda de 2017, é superior ao 21.5% , 4.400 euros ao ano.

O Partido Popular leva 10 anos cunhas políticas económicas e laborais que son letais para as mulleres toda vez que o balance deste período só fixo empeorar.

O laboral é un ámbito fundamental para o empoderamento das mulleres, imposíbel de acadar sen autonomía económica, por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está realizando o Goberno galego para rectificar esta situación de cronificación da precariedade, temporalidade e fenda salarial das mulleres galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 18:32:34

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 18:32:45

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 18:32:52

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 18:32:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 18:33:05

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 18:33:12



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia do 27 de maio de 2019 a Axencia Galega de Infraestruturas publicou a Resolución do 13 de maio de 2019 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2019.

A listaxe recolle 12 convenios de colaboración por un importe total de 3.545.510 € con 12 concellos gobernados polo Partido Popular.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego desta situación?
- 2ª) Cales son as razóns polas que de 12 convenios subscritos sexan 12 gobernados polo Partido Popular?
- 3ª) Cales foron os criterios de selección para asinar estes convenios?
- 4ª) Onde están publicados os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e algún concello galego durante esta X lexislatura?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/06/2019 12:04:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/06/2019 12:04:49



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Instituto Galego de Estatística acaba de publicar o estudo sobre salarios. A remuneración do factor traballo na economía galega. Neste estudo os datos do Sistema de Contas Económicas de Galicia ofrecen unha perspectiva macroeconómica da remuneración do factor traballo na comunidade autónoma.

A remuneración de asalariados é unha compoñente do PIB, cando se analiza pola vía das rendas, que nos indica que parte do valor engadido bruto xerado por unha economía vai destinada a remunerar o factor traballo. O dito concepto inclúe a remuneración total, en efectivo ou en especie, a pagar por un empregador a un asalariado a cambio do traballo realizado por este durante o exercicio contable.

Neste estudo preséntase a evolución desta variable desde o ano 2000. Así, no que corresponde ao peso da remuneración dos asalariados no PIB, temos que en 2009 este peso representaba en Galicia un 48,0 %; inferior en 2,9 puntos porcentuais ao peso no conxunto do Estado (50,9 %) e 0,4 puntos respecto a UE (48,4 %); baixando en 2018 ata o 42,4 %, é dicir, perdendo 6 puntos porcentuais en 10 anos e incrementando a diferenza respecto do conxunto do Estado -4,7 puntos así como en relación coa UE28 en -5,2.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego da evolución negativa da remuneración do factor traballo na economía galega?
- 2ª) Que accións ten levado a cabo o Goberno galego para impulsar a recuperación dos salarios no noso país?
- 3ª) Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para impulsar a recuperación dos salarios na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2019 12:11:39
Nº Rexistro: 51797
Data envío: 21/06/2019 12:11:39.242

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/06/2019 12:05:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/06/2019 12:05:54

CSV: BOPGDSPG99mD1u0Bv7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nas modificacións orzamentarias realizadas no mes de maio deste ano, figura o expediente XC-06-008-19 pola cal se dota un crédito de 94.640.851,20 € con destino a “*adquisicións de accións dentro do sector público de Galicia*”.

A dita actuación corresponde á Consellería de Facenda, concretamente a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, dentro do programa 612A “*Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica*”.

Non existe máis información sobre esta cuestión, aínda que implica un volume moi importante de recursos públicos.

Por todo o anterior a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que adquisición concreta de accións se realizará e a que empresa ou empresas públicas do sector autonómico corresponden?
- 2ª) Por que motivos é necesaria agora a súa realización?
- 3ª) Que obxectivos se persegue?
- 4ª) Que factores explican a procedencia da xeración de crédito efectuada?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/06/2019 12:06:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/06/2019 12:06:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A área sanitaria de Santiago de Compostela atende a 450.000 persoas e as súas necesidades diversas de saúde.

Unha delas é a dispensación de tratamentos oncohematolóxicos a cargo de Onco-Hematoloxía do Hospital Clínico. Esta área dispón de dez sillóns para a administración dos citados tratamentos e tres camas.

A carga asistencial neste ámbito é crecente, porque, afortunadamente, cada vez existe máis posibilidades de tratar neoplasias hematolóxicas que antes tiñan mal pronóstico. O abano de tratamentos actual é tamén máis amplo e algunha das terapias require varias horas de administración continuada.

Para recibir os tratamentos quimioterápicos oportunos, cada paciente da área (tan ampla que abrangue lugares tan dispersos como Ribeira, Muros, Dozón ou Agolada) debe acudir a primeira hora ao citado servizo. Alí élle realizada a preceptiva analítica para coñecer o seu estado de saúde pre-tratamento. A posteriori realízase unha consulta médica e solícítase o tratamento axeitado para o momento evolutivo da enfermidade. Isto pode levar varias horas. Existe a posibilidade de non agardar á consulta co/coa facultativa e recibir o tratamento outro día, se ben isto complica as posibilidades de conciliar a enfermidade coa vida cotiá das persoas enfermas.

A 'accesibilidade' do Hospital Clínico de Santiago non é facilitadora para unha persoa cun estado de saúde precario ou limitado. Se xa de por si a enfermidade aporta unha limitación física e económica, esta acrecentase pola carestía de





infraestruturas tan básicas como o aparcamento -especialmente de persoas que precisan vir en transporte privado, ou de lugares alonxados-. Mención aparte requiriría a necesidade de apoio de persoas acompañantes. “É caro estar enfermo”, relatan as persoas nesta circunstancia.

Despois da preceptiva analítica, e tras pasar o tempo preciso para coñecer o resultado, comeza o periplo de facer cola para conseguir un sillón para recibir o tratamento oncolóxico, que en non poucas ocasións se prolonga durante horas. O número de pacientes diarios que reciben estes tratamentos (ata 50 ao día, como nos confirma o propio persoal) supera con creces a dispoñibilidade de sillóns (dez), así que as persoas con estado de saúde precario acumúlanse durante horas nunha sá de agarda (en torno a trinta ou corenta persoas) esperando a dispoñibilidade de sillón.

Este proceso pode durar horas, e cómpre lembrar que falamos de doentes con estados de saúde precarios ou alteración da inmunidade e da capacidade para afrontar posibles infeccións (agardando varias horas no medio hospitalario).

Por se fose pouco, o persoal de enfermaría **que atende con dilixencia esta área** atopase sobrecargado (tónica no SERGAS), tamén pola necesidade de colaborar á realización de biopsias de medula ósea.

Durante estas horas as persoas enfermas teñen necesidade de alimentarse. E o sustento ofrecido pola propia Xerencia de Xestión Integrada é, segundo o relato en primeira persoa de doentes e confirmado por profesionais, un bocadillo de salchichón (que, como calquera sen nocións de nutrición coñece, non é o alimento máis aconsellable para un estado de saúde precario). A argumentación que sostén, segundo o propio hospital, que non se facilita outro menú é que se trata dun Hospital de Día, e neste formato non se inclúen as comidas, senón simples colacións.



Somos coñecedoras da separación relativamente recente das áreas de dispensación de tratamentos de oncoloxía e hematoloxía, motivo que precipitou a utilización dunha infraestrutura insuficiente para os e as pacientes hematolóxicos.

Sería preciso incrementar a área destinada a acoller a pacientes con necesidade de tratamento hematolóxico por procesos neoplásicos ou similares, tanto o número de sillóns e camas como o persoal de enfermaría necesario para esta función, de cara a fomentar a dignidade destas persoas, reducir esperas, considerar o seu estado de saúde precario e axilizar a súa atención.

Cómpre lembrar que un dos principios bioéticos que debe rexer na atención sanitaria é o dunha práctica beneficente. E os aspectos que deben acompañar no manexo da enfermidade como o confort, o coidado, a evitación de demoras, a alimentación e o bo trato contribúen a unha atención que sitúe ás persoas e as súas necesidades, en sentido amplo, no centro.

Por ese motivo, as deputadas Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao, formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Que ten feito a Xerencia de Xestión Integrada para mellorar o trato aos pacientes oncohematolóxicos da área de Santiago dotándoa de maior dispoñibilidade de sillóns para recibir tratamento quimioterápico, atendendo ao seu confort, á súa alimentación e á axilidade na súa atención?.

2.^a) Ten algún proxecto a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago para dotar de persoal necesario e suficiente á área de Oncohematoloxía para evitar que as profesionais que, de modo comprometido e dilixente desenvolven o seu labor nese servizo, desenvolvan dignamente e sen sobrecargas o seu traballo?



3.ª) Que ten feito ata o momento a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago para facilitar a accesibilidade de persoas que proveñen de lugares dispersos da área sanitaria, así como para dotar dun aparcadoiro a prezos asumibles polas mermadas economías durante os procesos de enfermidade?

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Vázquez Verao
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 24/06/2019 17:29:12

Paula Vázquez Verao na data 24/06/2019 17:29:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A formación continuada é necesaria e imprescindible para a actualización e mellora da prestación asistencial no Servizo Público de Saúde.

Os avances científicos, as novas posibilidades terapéuticas, o coñecemento de novos fármacos, os novos retos da comorbilidade, as novas realidades asistenciais, a prolongación da esperanza de vida, as melloras no prognóstico de moitas patoloxías, o coñecemento de novas técnicas diagnósticas, as necesidades de formación en xestión do cotiá, en comunicación, en bioética, en actualización de coñecementos xerais, en prevención de riscos laborais,... deseñan un marco no que se fai necesario un programa ambicioso de actualización profesional, de formación, a través da realización de obradoiros, cursos e outras modalidades docentes.

No sistema sanitario galego, na formación de persoal facultativo ten excesiva presenza a industria farmacéutica. Non podemos esquecer que non se atopa carente de conflito de interese, posto que parte da súa función é a promoción de novos fármacos que pretende promocionar no mercado.

Por outra banda, cómpre sinalar o compromiso das profesionais de calquera categoría no seu afán pola actualización e formación continuada. Na meirande parte das ocasións, estas profesionais destinan un volume significativo de TEMPO LIBRE á súa propia formación, non obtendo dela máis compensación que a satisfacción co cumprimento da súa función nas mellores condicións





posibles e os escasos réditos en termos de puntuación nas listaxes de contratación ou na carreira profesional.

Neste sentido, demostran moito máis compromiso as profesionais que a propia administración sanitaria na mellora continua da calidade, caendo o peso e o esforzo formativo maioritariamente sobre as primeiras.

Polo tanto, estimamos que sería imprescindible que o Servizo Galego de Saúde e a Administración sanitaria en xeral computase o tempo investido polas profesionais en autoformación como tempo efectivamente investido no traballo.

Polo exposto, as deputadas asinantes, presentan as seguintes Preguntas:

-Que ten feito a Administración sanitaria pública para valorar de modo xusto o tempo investido en formación por parte das súas profesionais e por que motivo non se computa como tempo traballado o período investido en formación?

- En que medida procura a Administración sanitaria a formación das súas profesionais con información veraz, autónoma e independente do sesgo da industria farmacéutica?

-Como valora a Administración sanitaria o compromiso profesional na mellora continua? Estima a puntuación adxudicada nos baremos como suficientemente discriminativa (en positivo) das profesionais que invisten esforzos na mellora asistencial?





-Exerce a Administración sanitaria medidas de coidado das traballadoras e traballadores que se comprometen co seu exercicio profesional?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/06/2019 17:31:45

Paula Vázquez Verao na data 25/06/2019 17:31:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten recibido queixas cidadás sobre as consecuencias lesivas que ten a actual normativa estatal do IRPF respecto do tratamento que reciben aquelas persoas que circunstancialmente poidan ter unha retención ilexítima da súa remuneración e a súa posterior restitución, sufrindo un duplo dano. Primeiro, as consecuencias desa retención, segundo, o inxusto tratamento por parte do fisco unha vez esa persoa recupera dita remuneración e tributa pola mesma.

Habida conta destas situacións, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego comparte a visión de que, de acordo coa lei estatal do IRPF, calquera persoa que padeza unha retención ilexítima da súa remuneración pode sufrir un dano económico grave por parte da Administración tributaria, polo que esta norma necesita adaptarse inmediatamente aos parámetros que deben rexer unha sociedade igualitaria e xusta.

Na actualidade, segundo o artigo 14.2 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas os rendementos do traballo



percibidos en períodos distintos a aqueles en que foron exixibles impútanse a estes; no entanto, os ‘percibidos por sentenza xudicial impútanse ao momento en que esta adquire firmeza’, o que pode derivar nunha tributación tan desproporcionada coma arbitraria.

Tanto o Defensor del Pueblo do Estado español coma o Consello Xeral para a Defensa do Contribuínte tense manifestado diante das queixas formuladas por persoas que se viron prexudicadas, e expresaron neste tema a súa discrepancia co criterio da Administración tributaria. Porén, este continúa sen ser modificado.

Esta situación é contraria aos principios de igualdade que deben rexer as normativas en materia económica e tributaria. A modo de exemplo, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo o coñecemento dun caso no que recuperar os salarios de 14 meses íntegros supuxo que a Axencia Tributaria remitira unha ‘proposta’ de liquidación provisional, relativa ao exercicio en que se restituíron, que incrementaba a bastante máis do dobre a base imponible, co que o saldo para pagar pasaba de 40 a 7.500 € (7.460 € máis). A isto súmanse os xuros de demora e unha sanción próxima aos 2.000 € polo que a persoa afectada se viu obrigada a satisfacer un total próximo aos 10.000 €. A cota pasaba, en números redondos, de 4.600 € case a se cuadruplicar, sen contar os recargos citados.

Isto significou tamén a perda das desgravacións dos exercicios nos que os ingresos permanecían suspendidos, polo que amortizar a totalidade dunha hipoteca que tiña naquel momento esta persoa –vendera a vivenda da súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propiedade para subsistir e pagar unha débeda que non podía afrontar– non xeraba compensación ningunha na cotización.

Este exemplo é indicativo dunha tendencia preocupante, non dun caso illado, polo que as administracións galegas deben actuar e dirixirse ao goberno central para unha corrección que garanta un trato ponderado para todas as persoas que recuperan cantidades atrasadas.

Para resolver esta situación, abonda con eliminar esa discriminación arbitraria respecto de quen recupera dereitos económicos a través dunha sentenza xudicial e quen os goza de forma ordinaria no momento que corresponde.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten coñecemento o goberno galego de que a aplicación do Artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, ao estar a supoñer efectos tributarios prexudiciais para aquelas persoas que recuperan contías por sentenza xudicial?

Ten recibido consultas ou queixas sobre esta cuestión? A través de que mecanismos?

Como valora o goberno galego a situación de desigualdade descrita? Vai demandar ao goberno central o impulso dalgunha modificación respecto da lei do IRPF?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten desenvolvido a ATRIGA algunha valoración respecto desta cuestión?
E o Instituto Galego de Consumo? E a Valedora do Pobo?

Vai demandar algún outro tipo de actuación? De que tipo? Cales son os
motivos?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2019 17:51:22

Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2019 17:51:30

María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2019 17:51:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2019 17:51:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2019 17:51:50

Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2019 17:51:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Dende a chegada da crise, a precariedade pasou a consolidarse en Galicia como un factor totalmente estrutural no mercado de traballo. Nin a propia Administración pública fuxe desta situación, que lonxe de dar exemplo na estabilidade laboral fomenta cada día máis, situación precarias.

Un dos maiores exemplos de precariedade exercida dende a Administración Pública é a do Servizo Galego de Saúde, con récord de temporalidade e sobrecarga de traballo para o persoal que presta servizos no mesmo.

A eliminación de postos de traballo mediante amortizacións dos mesmos e a escasa planificación nas Ofertas Públicas de Emprego, provocou unha perda de profesionais que afecta ao funcionamento do propio sistema e dificulta a ordenación dos servizos.

Ademais, esta situación que afecta directamente á calidade asistencial que se presta nun servizo tan delicado como é o da saúde, vulnera tamén os dereitos laborais das traballadoras e traballadores, tanto en material de abuso na temporalidade, tempos de descanso ou dereitos retributivos.

Unha situación intolerable provocada por unha mala xestión e unha política de recortes e deterioro dos servizos públicos, que no que se refire á material laboral xa recibiu varios toques de atención por parte de Europa, a Seguridade Social ou o Tribunal de Xustiza de Galicia.





Con todo, o Goberno segue sen tomar nota, axudando no aumento da precariedade e no deterioro dos nosos servizos públicos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Considera o Goberno que a súa política laboral no SERGAS está sendo legal e axeitada?
- Van a levar a cabo algunha medida para respectar os dereitos laborais e manter unha calidade asistencial axeitada no SERGAS, tendo en conta as sentencias e as protestas que se están dando?
- Ten realizado algún informe o Goberno en relación ao número de persoal eventual que concatena máis de tres anos de contratos para postos de carácter estrutural?
- Cales foron as xestións feitas polo Goberno galego cos diferentes Gobernos centrais sobre a taxa de reposición dende a entrada en vigor da mesma?
- Pensan dar cumprimento aos acordos retributivos acadados antes do inicio da crise?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/06/2019 18:36:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Despois do éxito de seguimento da folga realizada en Vigo hai varios meses polas profesionais da Atención Primaria, e comprobada a nula intención da Consellaría da Sanidade de atender as necesidades da asistencia aos pacientes reclamadas desde hai meses por diferentes colectivos profesionais; un importante colectivo de profesionais agrupados nas Asembleas de cada Área Sanitaria decidiron convocar unha mobilización global de todo o persoal facultativo en demanda de melloras concretas que reverteran nas e nos pacientes galegos.

Así, o pasado 19 de xuño, o persoal facultativo de Atención Primaria convocou unha xornada de folga que resultou apoiada por un número significativo de profesionais.

Se estimamos o seguimento segundo cada área, podemos considerar os seguintes datos:

En Vigo apoiaron a folga o 86% dos médicos e médicas de familia e o 98% de pediatras en horario de mañá, e 94% de medic@s de familia e 100 % de pediatras en horario de tarde. En Ourense, apoiaron a folga o 60% das médicas e médicas de familia. En Pontevedra a porcentaxe de seguimento foi do 75% dos médicos de familia e o 95% das pediatras . Na Coruña, o 95% das pediatras e o 70% das médicas e médicos de familia. En Ferrol, 88% de médicos e médicas de familia e en Santiago de Compostela, un total de 104 médicos.



Esta convocatoria estaba xustificada polo gran malestar entre as profesionais sanitarias nos Centros de Saúde pola deterioración das condicións do traballo asistencial relacionadas coa mala xestión, a carencia de recursos e a falta de decisión da actual Administración de poñer en práctica as recomendacións internacionais sobre o papel da Atención Primaria no sistema sanitario.

Solicitaban a cobertura de todas as vacantes por OPE e novas prazas precisas para unha asistencia de calidade, o incremento do orzamento ata acadar o 25% do sanitario, estruturas de xestión propias de Atención Primaria, contratos dignos para traballadores e traballadoras eventuais con negociación coas Precarias e solución inmediata ao conflito dos PACs, negociando coa plataforma Pacs en pé de guerra. Solicitaban tamén o cómputo correcto das profesionais dos PACs e o abono dos seus complementos legalmente recoñecidos. En definitiva, solicitaban a cobertura suficiente para unha óptima atención ás persoas, con tempo suficiente para que se puidese desenvolver con dignidade.

Ante isto, ausencia de diálogo da Consellería de Sanidade coa Asemblea de Áreas Sanitarias e ignorancia dun movemento sólido de profesionais que se comprometen coa sanidade pública e os seus e súas pacientes.

A única resposta é a autoxustificación remitíndose a un Comité Técnico inoperante e inconcreto que serve de coartada á autocompraceza da Consellería de Sanidade, intencionalmente nesgado na súa selección e pouco representativo das reivindicacións das e dos profesionais autoorganizados.

Por este motivo, as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:





-Que medidas teñen pensado tomar en materia de diálogo e atención ás reivindicacións das profesionais facultativas de Atención Primaria despois do éxito da folga?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/06/2019 18:45:10

Paula Vázquez Verao na data 25/06/2019 18:45:28



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Mentres no conxunto de España o emprego no sector agrícola incrementouse nun 8 % no último ano e medio, en Galicia, no mesmo período, os datos da última Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2019, reflicten unha forte caída do emprego agrícola, xa que se destruíron cerca de 15.000 empregos. Segundo o último informe da EPA agora hai en Galicia 63.600 traballadores agrarios, unha cifra preocupante que se acerca moito á peor rexistrada na nosa comunidade autónoma: os 61.200 de comezos de ano 2015.

No terceiro trimestre de 2008 traballaban no sector agrícola galego 102.500 persoas e a principios de 2015 só 61.200, é dicir 41.300 traballadores menos, ou o que é o mesmo un 40 % menos.

Entre os anos 2015 a 2017 o sector agrario sumou 17.200 empregos máis, pero os sindicatos agrarios xa avanzaban daquela en que non había creación de emprego novo no rural, se ben se deron casos illados de incorporacións concretas de xente moza que creou os seus propios empregos, a regra xeral foi que esas reincorporacións eran daqueles que retornaban as casas dos seus pais, avós ou irmáns porque non atopaban emprego nas cidades ou noutros sectores económicos. A maior parte destes traballadores procedían da construción e regresaban ao rural ante a dificultade de atopar emprego estable e tamén polo adelgazamento neses anos do sector público galego, que segundo os sindicatos agrarios, deixou sen renovar moitos contratos temporais. Non obstante, entre setembro de 2017 e marzo de 2019 o sector agrícola volveu a derrubarse, dos cerca de 79.000 empregos no sector que había no terceiro trimestre de 2017 pasouse aos 63.600 segundo o informe EPA do primeiro trimestre de 2019.

Entre xaneiro de 2016 e abril de 2019 perdéronse en Galicia 1.670 explotacións agrarias, pasando de 9.078 a 7.408.

Se ben os sindicatos agrarios din que a principal causa da perda de poboación ocupada no sector agrario galego é a recuperación doutros sectores económicos, inciden tamén en que existen outros factores relevantes nesta perda de poboación ocupada.



Un destes factores é o empeoramento das condicións de vida no rural. Ás peores condicións económicas do sector agrario fronte a outros sectores económicos súmanse a precariedade dos servizos públicos no rural: supresión de persoal nos centros de atención primaria por parte da Xunta de Galicia, non creación de prazas públicas en residencias de maiores ... son só algúns dos exemplos.

Outro dos factores é o envellecemento, xa que a terceira parte dos titulares das explotacións agrarias son maiores de 55 anos, non habendo polo tanto un relevo xeracional, como tamén acontece noutros sectores como pode ser a pesca.

Por todo o dito amósase necesario que por parte da Xunta de Galicia se adopten de xeito inmediato medidas concretas para combater a perda de traballadores no sector rural galego.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia da perda de poboación ocupada no sector agrario galego neste último ano e medio?

2ª) Ten pensado o Goberno galego adoptar medidas concretas para combater a perda de poboación ocupada no sector agrario galego? De ser o caso, cales? En que prazo?

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/06/2019 13:31:23

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2019 13:31:36

Julio Torrado Quintela na data 26/06/2019 13:31:49

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/06/2019 13:32:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Durante o mes de xuño iniciáronse as obras para a construción dun parque eólico na Serra do Oribio, situado na Rede Natura 2000.

O 17 de xuño coñeciamos que se suspenderan cautelarmente ditas obras, que carecían de licenza municipal nin do Concello de Samos nin do Concello de Triacastela.

A última nova do procedemento administrativo deste parque data do 16 de xullo de 2009, cando se publicou no DOG a Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Eólico do Oribio.

Non sabemos si dende entón houbo modificacións no proxecto xa que non nos constan porque non houbo ningún procedemento de modificación con exposición pública.

A instalación dun parque eólico en Rede Natura, aproveitando a Disposición Transitoria cuarta como coladeiro de proxectos da época Fraga tramitados de xeito expreso nos últimos días de goberno, nun espazo de alto valor paisaxístico, patrimonial e ecolóxico, suporía un prexuízo para o interese xeral.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte pregunta:





- Tramitouse dende xullo de 2009, que foi cando se aprobou o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Oribio, algunha modificación do proxecto?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/06/2019 13:32:03

Marcos Cal Ogando na data 26/06/2019 13:32:08



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

